

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa á falla de información e coordinación entre as diversas instancias públicas para evitar actuacións o drama das persoas e familias desafiuzadas.

Exposición de motivos

As declaracións do presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) deixan en claro, malia a súa contención, a inanidade da política de Núñez Feijóo para evitar desafiuzamentos. Falta a información que non chega nen ás persoas afectadas nen os mesmo xuíces.

O convenio asinado o 8 de abril do 2013 pola Xunta, a FEGAMP e o Consello Xeral do Poder Xudicial non funcionou como se desprende tanto das estatísticas oficiais sobre desafiuzamentos como das propias e mesuradas declaracións do presidente do TSXG.

A secuencia de desafiuzamentos continúa sen que se mobilicen os recursos suficientes para evitar esa lacra social e sen que o goberno galego declare de facto unha moratoria nos desafiuzamentos nas vivendas habituais. Cantas vivendas das conveniadas co SAREB xa están ocupadas? Cantas persoas son xa beneficiarias do bono de aluguer social e da axuda adicional contemplados no último programa de axudas establecido pola Xunta de Galicia? Tardanza e opacidade caracterizan a un goberno cuxa executoria en materia de dereito á vivenda o pon na trincheira dos especuladores que fan dese dereito un negocio.

Urxe achegar toda a información á cidadanía e aos profesionais e urxe dispor de todos os recursos económicos e materiais necesarios para que ningunha persoa neste país quede sen unha vivenda onde residir e desenvolver a súa vida.



Polo sinalado, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a implementar medidas informativas e de coordinación suficientes para garantir un coñecemento efectivo por parte tanto dos profesionais do mundo da xustiza canto da cidadanía das axudas postas a disposición das persoas afectadas por procesos de desafuzamento hipotecario ou por aluguer.

En Compostela, a 19 de novembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 19/11/2015 14:14:14